



## Repsol e a Xunta asinan un novo convenio marco de Formación Profesional (FP)

- A colaboración Xunta-Repsol inclúe na súa oferta educativa as modalidades de FP dual e dual ordinario, FCT, Estadías de alumnado, así como formación e actualización do profesorado na empresa.
- Repsol asumirá de forma pioneira a xestión documental e o coste da seguridade social dos alumnos en prácticas da Formación en Centros de Traballo (FCT), coa posibilidade de outorgar unha bolsa de axuda complementaria.
- Ademais a compañía en Galicia vai a ofertar unha dual parcial para promocionar a obtención de certificados de profesionalidade nivel 3 de "Xestión e Control de Planta Química".
- Ambas entidades destacan que o papel da FP é fundamental e máis de 350 alumnos de Química Industrial realizaron os seus estudos no Complexo Industrial de Repsol entre 2008 e 2024.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Román Rodríguez, e a directora do Complexo Industrial de Repsol na Coruña, Natalia Barreiro, asinaron esta mañá un convenio marco da Formación Profesional (FP) que amplía a colaboración que empresa e administración manteñen neste campo desde 2012.

O acto da firma tivo lugar nas instalacións do centro industrial e contou coa presenza da directora xeral de Formación Profesional, M<sup>a</sup> Eugenia Pérez, e a subdirectora xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, Cristina Lesta. Ao acto tamén asistiron representantes da empresa enerxética, así como docentes e alumnado dos centros educativos colaboradores destas iniciativas educativas: o IES A Sardiñeira de A Coruña, o IES Marques de Sargadelos de Cervo (Lugo) e o CIFP Ferrolterra de Ferrol (A Coruña).

Con este novo convenio de colaboración, o Complexo Industrial de Repsol na Coruña renova a súa oferta formativa dirixida aos alumnos de FP en Galicia, que inclúe 4 modalidades: **Fp dual e dual ordinario, Formación no centro de traballo (FCT) e Estadías de alumnado**. Na modalidade de FP Dual está o Ciclo Formativo de Mecatrónica Industrial dende o ano pasado e o Ciclo Formativo de Química Industrial, que xa se imparte nas instalacións dende o 2013 e cuxa sexta promoción incorpórase ao primeiro período de prácticas na empresa no mes de marzo cun total de 18 novos alumnos.

Unha das maiores novas de este acordo é que Repsol **asumirá de forma pioneira a xestión documental e o coste da seguridade social** dos alumnos en prácticas da Formación en Centros de Traballo (FCT), coa posibilidade de outorgar unha bolsa de axuda complementaria no alumnado en prácticas na empresa.

Así mesmo, o **Centro industrial de Repsol está a ofertar unha nova modalidade Parcial Dual para a obtención de certificados de profesionalidade** nivel 3: "Xestión e Control de Planta Química", a través dunha proposta parcial do currículo dos ensinos conducentes ao título de Técnico superior de Química Industrial.



Tamén é moi importante destacar a aposta de Repsol polos docentes, quen teñen a posibilidade de acudir as nosas instalacións para a súa formación e actualización na empresa.

A colaboración coas familias da formación profesional no Complexo céntrase principalmente na Química Industrial e recentemente no Ciclo de Mecatrónica na modalidade dual, pero tamén Automatización e Robótica Industrial, Organización e Mantemento de buques, Comercio e Marketing, Xestión Administrativa, Química Ambiental, e Laboratorio de Análise e Control, son outros dos ciclos formativos cos que a empresa vén a colaborar e cuxo alumnado poderá realizar a Formación en Centros de Traballo (FCT).

### **Aposta pola FP desde 2003**

Para Repsol e o seu Complexo Industrial na Coruña o papel da FP é fundamental no desenvolvemento formativo e na incorporación laboral da xuventude, sendo máis do 50% dos traballadores da refinería titulados en estudos de Formación Profesional.

Desde o ano 2003, o Complexo Industrial está involucrado na formación dos operadores de planta Química, que despois se transformou no Ciclo Superior de Química Industrial, impartido no IES A Sardiñeira da Coruña. Nesta forte aposta pola formación profesional, en 2013 Repsol incorporouse como primeira empresa na Coruña en ofertar a modalidade Dual. Desde entón, esta formación permitiu a un total de 106 alumnos do ciclo superior de Química Industrial do IES A Sardiñeira, combinar a súa aprendizaxe no centro educativo con formación e prácticas no complexo industrial.

Neste mes de marzo comezará a súa formación nas instalacións a sexta promoción desta FP Dual. Repsol ofrecerá a un total de 18 novos alumnos do primeiro curso de ciclo matriculados no IES Sardiñeira de A Coruña unha formación de cinco meses que supoñen aproximadamente 400 horas de prácticas na empresa durante o segundo trimestre do curso e ata o mes de agosto que formara aos futuros operadores de planta química.

Unha vez rematado o período de prácticas do segundo curso os alumnos cunha avaliación satisfactoria poderán incorporarse a bolsa de emprego da enerxética, sendo a súa candidatura preferente nos procesos de selección e o índice de empleabilidade no complexo industrial coruñés está cifrado en máis do 90%.

Grazas a esta aposta, máis de 350 alumnos de FP de Química Industrial (ordinario, dual e FCT) veñen realizando 130.000 horas de formación na refinería entre 2008 e 2024.

Tamén o Complexo recibiu alumnado en prácticas de distintas familias para a realización da súa Formación en Centro de Traballo (FCT), necesarias para obtención do título.

A FP dual supón, ademais dun beneficio engadido para os estudantes, unha oportunidade para as empresas, xa que, desta forma, a compañía pode formar a futuros profesionais, dándolles coñecementos específicos axustados ás necesidades reais.